



Guía Docente				
Datos Identificativos			2021/22	
Asignatura (*)	Traballo fin de mestrado (TFM)		Código	652512208
Titulación				
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en EducaciónPedagogía e Didáctica			
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado		Correo electrónico		
Web	http://www.educacion.udc.es/index.php?pagina=table&id_titulacion=600			
Descrición xeral	O Traballo de Fin de Máster é unha materia obrigatoria do Plan de Estudos, de 6 créditos e supoón a realización por parte do alumnado dun proxecto, memoria o estudo, no que aplique e desenvolva os coñecementos adquiridos no Máster. O Traballo deberá estar orientado á aplicación das competencias asociadas á titulación. Para poder presentar o TFM o estudante deberá ter aprobado o 60% dos créditos, entre eles incluíránse os de carácter obrigatorio. O TFM consistirá nun proxecto innovador, persoal e original sobre temáticas relacionadas co programa do Máster. O alumnado presentarálo ante un tribunal do Máster e deberá ir avaliado obrigatoriamente por o/a tutor/a do traballo.			
Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen *Metodoloxías docentes que se modifican 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado 4. Modificacións na avaliación *Observacións de avaliación: 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Capacidade para indagar e producir coñecemento nun determinado campo	AP1	BM12	CM2
	AP3	BM13	CM6
	AP4	BM14	
	AP5	BM15	
	AP7	BM16	
	AP8		
	AP9		
	AP11		
	AP12		
	AP13		
	AP14		
Capacidade para comunicar o coñecemento adquirido a unha audiencia	AP2	BM1	CM1
	AP6	BM3	
	AP10	BM4	
		BM7	
		BM10	

Contidos	
Temas	Subtemas
Procedemento para a elección de temas: 1-O profesorado presentará unha proposta de temas ou liñas para o TFM. Esas liñas serán publicadas na páxina web do mestrado 2-Ao comezo das clases o alumnado/a terá ese listado de temas ou liñas 3-Durante o primeiro mes de clases o alumnado/a, coa lista de temas, porase en contacto co profesor/a para acordar a dirección do TFM (lembrar que un profesor/a non pode dirixir máis de dous TFM). 4-o alumnado/a deberá elaborar unha proposta de proxecto. Esta proposta debe presentarse nos prazos que faga pública a Comisión Académica e dirixiranse ao Coordinador do Mestrado. Unha vez aprobado pola Comisión Académica publicarase unha lista cos alumnos/as, o/a titor/a e o título do Proxecto aprobado. 5-A comisión académica aprobará as datas tanto de preinscrición dos TFM, como tribunais dos TFM. Dita información aparecerá no taboleiro do mestrado, páxina web e a través do correo electrónico ao profesorado director dos TFM.	O Traballo Fin de Mestrado consistirá na realización por parte do alumnado dun traballo de cuxo obxectivo final é demostrar a suficiencia académica para a obtención do título de Mestrado. Esta materia está deseñada como estudo de profundización nalgún tema concreto dos tratados ao longo do Mestrado. O estudante deberá utilizar para isto o conxunto de habilidades, destrezas e actitudes adquiridas ao longo das ensinanzas, valorándose o progreso e resultado da aprendizaxe dos aspectos igualmente importantes: dun lado, a orientación científica referida aos contidos e, doutro, a aprendizaxe das técnicas de investigación procura de información, selección de lecturas, sistema de fichas, citas a pé de páxina, etc.). Asimismo valorarase a defensa pública ante un Tribunal cualificado composto por Doctores. Nesta exposición pública, o alumno demostra as súas capacidades na expresión oral, na argumentación e capacidade de resposta ás cuestións plantexadas polo tribunal avaliador así como das competencias específicas sinaladas no seu apartado correspondente. Cada alumno terá un titor que dirixirá o proceso e o asesorará no seu desenvolvemento. O traballo de fin de mestrado computará 6 créditos ECTS, que corresponderán, en exclusiva, ao traballo personal do alumno.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 B1 B3 B4 B10	0	137	137



Presentación oral	A14 B7 B12 B13 B14 B15 B16 C1 C2 C6	1	9	10
Atención personalizada		3	0	3
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Segundo a temática acordada co seu titor/a.
Presentación oral	SOLICITUDE DE DEFENSA: Unha vez finalizado o proceso de elaboración do TFM, e unha vez obtido o informe favorable do director/a do mesmo, o alumnado terá que presentar, no prazo e lugar establecido polo centro, 4 exemplares, así coma o impreso de solicitude de defensa DEFENSA: Unha vez que se faga pública a convocatoria do tribunal, o alumnado debe presentarse á hora indicada e agardar a ser chamado polo secretario/a do mesmo. Para a exposición, que será pública, disporá dun tempo de 15 minutos e o tribunal disporá de 15 minutos para realizar as preguntas que estimen oportunas e debater co alumno/a. O alumnado poderá utilizar canto material sexa preciso para exposición. Traballos tutelados O alumnado realizara o TFM baixo a supervisión e guía da súa dirección académica. A dirección será responsable de expoñerlle ao estudantado as características do traballo, e orientalo no seu desenvolvemento. Realizará un seguimento da elaboración do TFM e velará polo cumprimento dos obxectivos fixados. Unha vez finalizada a elaboración autorizar a presentación e defensa do TFM.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Unha vez publicada a listaxe definitiva de asignación de temáticas e dirección académica, o alumnado terá que poñerse en contacto coa súa dirección académica.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Presentación oral	A14 B7 B12 B13 B14 B15 B16 C1 C2 C6	Avaliación global emitida polo tribunal sobre a adquisición de competencias reflectidas na presentación e defensa oral do TFG	30
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 B1 B3 B4 B10	Avaliación global emitida polo tribunal sobre a adquisición de competencias reflectidas no traballo tutelado (contido e formato), unha vez obtido o visto e prace da dirección académica do mesmo para a súa presentación e defensa.	70

Observacións avaliación



A cualificación outorgarase en función da seguinte escala numérica de 0 a 10, con expresión dun decimal, á que poderá engadirse o seu correspondente cualificación cualitativa:

? 0 ? 4,9: Suspenso (SS).

? 5,0 ? 6,9: Aprobado (AP).

? 7,0 ? 8,9: Notable (NT).

? 9,0 ? 10: Sobresaliente (SB).

A Comisión Avaliadora cumprimentara a correspondente Acta de Cualificación. O/A

Presidente/a fará pública e a remitirá ao Coordinador do Mestrado.

Cada Comisión Avaliadora poderá propoñer en acta separada a concesión motivada da mención de "Matrícula de Honra" a Traballos de Fin de Mestrado que foran avaliados y cunha cualificación igual ou superior a 9. A Comisión Académica do Mestrado, a vista dos informes, decidirá sobre a asignación destas mencións e o Coordinador de Mestrado elevará un Acta Complementaria do acordo á Secretaría do Centro. O número destas mencións non poderá exceder do cinco por cento dos alumnos matriculados na correspondente materia TFM, salvo que o número de alumnos matriculados sexa inferior a 20, en cuxo caso poderá conceder unha soa "Matrícula de Honra"; sempre de acordo á normativa da UDC.

No caso de non realizar a presentación e defensa oral do Traballo Fin de Grao, tendo o informe favorable da dirección académica, a cualificación recibida será a de NON PRESENTADO

Fontes de información

Bibliografía básica

- Caicedo, Claudia (2016). ¿Cómo elaborar un trabajo final de máster?. Barcelona : Editorial UOC
 - Cunha Fanego, Iria da (2016). El trabajo de fin de grado y de máster : redacción, defensa y publicación. Barcelona : Universitat Oberta de Catalunya
 - Durán Martínez, Ramiro;Gómez Gonçalves, Alejandro; Sánchez Sánchez, Miguel Elias (2017). Guía didáctica para la elaboración de un trabajo académico. Salamanca: Iberoprinter
 - Muñoz-Alonso López, Gemma (2012). Estructura, metodología y escritura del trabajo de fin de máster. Madrid : Escolar y Mayo
- Bibliografía relacionada coa temática elixida polo estudante (consultar bibliografía das diferentes materias do mestrado).

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndanse os envíos dos traballos telemáticamente e de non ser posible, no utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sosenibiliade nos comportamentos persoais e profesionais.



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías